

# Galicia



## FP Plus A formación profesional en Galicia: Emprende

**Ana I. Campaña Collazo**

Asesora da Dirección Xeral de Formación Profesional e Innovación Educativa

**"No medio da dificultade  
está a oportunidade"**

Albert Einstein

### Emprender, unha alternativa á crise

Nunha situación de crise como a actual, na que se incrementan as cifras de persoas desempregadas, é fundamental adoptar medidas que favorezan a inserción profesional do alumnado que cursa formación profesional, de xeito que o traballo por conta propia sexa unha alternativa sólida. O emprendemento pode ser unha opción válida nesta concubratura non só para o alumnado, senón para a sociedade en xeral. Neste sentido, Francesc Granell considera que as persoas emprendedoras son o xermolo dunha economía innovadora e capaz de redistribuir rendas, e que as empresas constitúen o epicentro da vida económica e o principal axente de creación de emprego" (Francesc Granell, é catedrático de Organización Económica Internacional da Universidade de Barcelona e membro da Real Academia de Ciencias Económicas e Financeiras).

As iniciativas emprendedoras han ter un papel moi salientable na superación da crise actual, na medida en que xeran innovación e permiten que a economía dun país sexa máis flexible e teña maior capacidade de adaptación aos cambios. Para facilitar a transformación das ideas innovadoras en proxectos de valor, cómpre actuar en dúas liñas:

- Por unha banda, deberanse realizar actividades de fomento do espírito emprendedor, desde unha perspectiva de innovación e xeración de riqueza no contorno.
- Por outra, deberase articular unha estrutura que facilite a transformación de ideas innovadoras en proxectos reais e sólidos.

### O proxecto FP Plus

As administracións educativas teñen entre as súas funcións un papel moi relevante na promoción e no desenvolvemento destas liñas de traballo. En consecuencia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria impulsa o proxecto de innovación FP Plus, porque tamén a Administración ten que emprender.

FP Plus pretende fomentar iniciativas innovadoras e emprendedoras no alumnado de formación profesional en Galicia. A través dunha serie de programas intervén nas dúas liñas apuntadas anteriormente:

- Fomenta o espírito emprendedor a través dos programas Simula, Idea e Avanza.
- Facilita a transformación das ideas en proxectos por medio do programa Emprende.

FP Plus dá os seus primeiros pasos no curso 2007/2008, no marco que propicia, tanto a Comisión Europea, co seu Libro Verde para o fomento do espírito emprendedor en Europa e co programa de traballo Educación e Formación 2012, como coas disposicións da Lei orgánica 2/2006, de educación, e do Real decreto 1538/2006, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional. O primeiro programa que se desenvolveu de xeito experimental, foi Simula. Ao longo do curso 2008/2009 prevese levar a cabo os restantes.



## Simula

empresas virtuais na aula

Con este programa perséguense a desaparición da aula en sentido tradicional para convertela nunha empresa virtual. O alumnado, coordinado pola profesora ou o profesor, toma as decisións sobre o tipo de empresa que quere crear e sobre a actividade empresarial que cómpre executar, e asume a responsabilidade do seu funcionamento, ocupando de xeito rotatorio os postos de traballo dos seus departamentos. Para realizar todas as súas actividades comerciais trabállase nunha rede de simulación estatal e internacional a través do programa Sefed.

Na actualidade están a desenvolver o proxecto piloto de Simula sete centros: IES Fernando Wirtz, CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, IES A Piringalla, IES Portovello, IES Luís Seoane, CIFP Carlos Oroza e IES A Guía. O programa está deseñado fundamentalmente para as familias profesionais de Administración, Comercio e Mercadotecnia, e de Hostalaría e Turismo.

O 100 % do alumnado e do profesorado participante fai unha valoración positiva do programa e salienta a súa eficacia como ferramenta de aprendizaxe, non só de contidos curriculares, senón tamén das dinámicas de traballo que se producen nunha empresa real, co que se achega o mundo da empresa ás aulas.

## Idea

concurso de ideas innovadoras e emprendedoras

Trátase dun programa que, a través dun concurso, premia os melhores proxectos empresariais e as melhores ideas innovadoras do alumnado de formación profesional de Galicia. Actualmente está pendente a publicación da convocatoria no DOG.

## Avanza

formación práctica para crear unha empresa

Na mesma orientación que o programa anterior, Avanza pretende facilitar ao alumnado con inquedanzas emprendedoras unha cualificación práctica relacionada co proceso de creación de empresas, a través dun seminario especializado que se complementa cun circuito de visitas guiadas a empresas. No seu desenvolvemento colabora o persoal técnico de CEEI Galicia, SA (BIC Galicia).

## Emprende

crea a túa empresa

Este programa posibilita que o alumnado de formación profesional cree a súa empresa a través da rede de viveiros dos centros de formación profesional. Na actualidade están funcionando de xeito experimental seis viveiros nos centros: CIFP Ánxel Casal, CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, IES Politécnico de Lugo, IES Portovello, IES Manuel Antonio e IES Luís Seoane.

Un viveiro é un espazo que se implanta dentro dun centro, pensado para o acollemento temporal de empresas nos seus primeiros momentos de posta en funcionamento. Neste espazo, a persoa emprendedora atopará recursos de todo tipo que lle permitan cubrir as necesidades iniciais dunha pequena empresa, de maneira que se melloren as súas expectativas de supervivencia.

As dinámicas de traballo que se xeran seguen a orientación de aproveitar convenientemente os recursos que existen nos centros, de xeito que se teña acceso aos talleres e aos laboratorios, co asesoramento do profesorado especializado.





Cada proxecto recibirá atención personalizada e permanente por medio dun tutor ou unha tutora, que serán as persoas responsables do viveiro. O tutor ou a tutora poderán proponer, en función das necesidades que detecten, un programa individualizado de formación en habilidades directivas ou en aspectos técnicos para cada persoa emprendedora.

O viveiro será tamén unha plataforma que permita establecer relación con outras empresas do sector ou con outras administracións. Na actualidade xa contamos coa colaboración do IGAPE e de CEEI Galicia, SA-BIC Galicia.

A experiencia de traballo nos viveiros é digna de ser salientada para o resto do alumnado do centro, posto que vai permitir desmitificar a figura da persoa emprendedora e perder o medo ao fracaso, xa que dos errores tamén se aprende.

Estas liñas de trabalho nacen coa vocación de posibilitar e fomentar que o alumnado de formación profesional se aproxime ao mundo da empresa e considere esta vía como unha maneira de formular o seu futuro, e unha alternativa moi interesante fronte ao emprego por conta allea. En última instancia, a promoción e o apoio deste tipo de iniciativas debería contribuír, en maior ou en menor medida, á xeración de emprego, ao crecemento económico e á cohesión social do noso país.

## Alumnos de FP elaboran unha cadeira adaptada a un alumno con dificultades motoras



O traballo foi posible grazas a un proxecto interdisciplinar e interinstitucional, coordinado por Miguel Campuzano Álvarez, especialista en discapacidade motora do Equipo de Orientación Específico da Coruña. Sumáronse a esta idea, a orientadora e o profesorado do IES Calvo Sotelo, a especialista da Unidade de Axudas Técnicas á Comunicación, terapeutas ocupacionais da Unidade de Rehabilitación e Atención Temprá do Hospital Teresa Herrera, integrantes todos dun grupo de traballo supervisado polo Centro de Formación e Recursos da capital herculina.

A singularidade da noticia non é tanto a grande diferenza de custo entre este aparato e os de orixe comercial, como o feito de que o mecanismo sexa extremadamente sinxelo. Trátase dunha cadeira das de uso normal nas aulas á que se lle incorporou un cinto, un repousapés e un respaldo adaptable ás necesidades do pequeno. Isto ten un valor engadido, porque lle atribúe un carácter moi más normalizado á escolarización do rapaz afectado, que antes tiña que asistir á clase nun carriño aparatoso.

O traballo constitúe un estímulo para os alumnos dos ciclos de Mecanizado e de Fabricación a Medida de Carpintería e Móble do IES Calvo Sotelo, que puideron experimentar a utilidade e o carácter solidario do seu traballo. Neste mesmo acto, Javier Cairo Antelo, xefe da Unidade de Atención Temprá e Rehabilitación Infantil do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña manifestou que este é un exemplo máis de que con vontade e xuntando esforzos se lles pode facer a vida moi más doadha a estes alumnos.

# eduga

**participou na Festa da Lectura, o Libro e a Palabra organizada polo Concello de Ferrol**



Este era o lema da Feira do libro que, organizada polo Concello de Ferrol, se celebrou do 22 ao 26 de abril. Ao longo de cinco días foron moitos os profesores e os alumnos que pasaron polos diferentes expositores para sumarse a uns festexos que tiñan como centro de interese o texto escrito, considerado como recurso indiscutible de formación e lecer. Tamén se achegaron ata alí familias que acompañaban os fillos para ver de cerca as novidades editoriais e, talvez, estimular o gusto pola lectura dos más pequenos.

A festa estivo amenizada cunha morea de actividades formativas e lúdicas, como contacontos, monicreques, obradoiros, ou a elaboración colectiva dun conto solidario, nas que os nenos e as nenas foron os grandes protagonistas. Tamén se realizou un maratón de lectura durante todo o día 23, no que grandes e cativos mantiveron acesa a luz da palabra e experimentaron o seu valor social.

### E alí falamos con:

Xabier P. Docampo

Yolanda Castaño

Suso de Toro

Os tres pasaron pola feira para animar a súa actividade e asinar libros. Estas son as preguntas que lles formulamos:

- **Como vai a afección pola lectura entre a poboación máis nova?**
- **Contamos con boa literatura infantil e xuvenil en lingua galega?**
- **Cren que o formato papel corre algúns risco ao ter que competir con soportes tan potentes coma os dixitais?**

### E estas foron as súas respostas:

#### En relación á afección pola lectura

**X. Docampo** Nunca tanto se leu. Vivimos unha etapa francamente fantástica, se a comparamos coa miña infancia. Daquela, a escola vivía de costas á lectura. Na miña, en concreto, había algúns contos, pero estaban nun armario pechados con chave. Hoxe todos recoñecemos os beneficios da lectura. Inclusive a xente que non le nunca, quere que os seus fillos o fagan. O que cómpre neste momento é repensar o que queremos que se lea e con que fin. Debemos aspirar a que a lectura sexa unha práctica na que o individuo se forneza de experiencias, coa que sume experiencia de vida, e a converta en sabedoría.

**S. de Toro** É evidente que cada vez se le máis, sobre todo a xente nova. Antes editábanse menos libros e os que había eran pouco atraentes. Nas escolas tampouco nos mandaban ler, como se fai agora. O único libro que se utilizaba, daquela, era a enciclopedia e os textos das diferentes materias. Recordo a miña nenez en Santiago, unha cidade privilexiada polas librerías que había. Os rapaces nunca nos parabamos a mirar os seus escaparates porque os libros que exhibían eran sempre os mesmos.

**Y. Castaño** Aínda así, eu si creo que hai certos xéneros literarios que teñen máis dificultades, como é o caso da poesía. Ademais, a oferta de lecer estase ampliando tanto con novos recursos, que todo o que fagamos pola lectura será pouco. Penso que debemos seguir achegándolle á xente a literatura.



### Sobre se contamos con boa literatura infantil e xuvenil

**X. Docampo** É evidente que si. Contamos cunha importante produción literaria nos ámbitos infantil e xuvenil. E conseguiuse grazas, entre outras cousas, ao compromiso dos escritores e escritoras coa lingua galega. É verdade que os lectores son os que escollen os libros, pero non se pode esquecer a importancia do compromiso do escritor coa literatura e coa lingua.

**Y. Castaño** Eu tamén o creo, penso que hoxe a nosa literatura está á mesma altura que a castelá ou a portuguesa.

**S. de Toro** Nos últimos tempos produciuse un cambio moi importante. Antes a producción bibliográfica era dunha pobreza extrema, digamos que o libro galego existía dunha maneira testemuñal e as traducións eran moi escasas. Precisamente, esta realidade foi a que me empurrou a min a ser escritor e a escribir na lingua do meu país. Digamos que foi a miña obriga moral. Pero as cousas mudaron e nestes momentos hai unha oferta bastante boa de libros en galego e o lector pode combinar perfectamente as novedades na nosa lingua coa producción en castelán.

### Sobre o futuro das edicións en papel

**X. Docampo** É verdade que se percibe un temor cara a certas pantallas, pero eu coido que o soporte non afecta á lectura e que son dous mundos paralelos que van convivir xuntos. Mesmo aparecerán outros novos e todos contribuirán a democratizar máis a lectura.

**Y. Castaño** Non debemos ver as novas tecnoloxías como un rival, senón contemplalas como aliadas, como cómplices. Os rapaces están moi próximos a estas linguaxes e a través delas podemos enganchalos ao carro da poesía. En realidade, o reto que se nos presenta é atopar un lugar para todos estes recursos e lograr que cada un teña o seu sitio.

**S. de Toro** Cada nova tecnoloxía pode provocar que acabe por convivir coas anteriores, ou que pase a ocupar o lugar central e se reduza o espazo das que a precederon. Con respecto ao libro en papel, penso que non desaparecerá a curto prazo, pero vai ter que afrontar o que xa afrontou a música. É dicir, imos cara a unha situación difícil para os que vivimos dos dereitos de autor, e tamén para os editores e os libreiros. O panorama presenta desconcertante porque non sabemos moi ben como vai acabar, e os que lle temos cariño ao libro debemos asumir que esa é a realidade.



Xabier P. Docampo



Yolanda Castaño



Suso de Toro

### Por último, pedímoslle un consello para conseguir que a lectura forme parte dos intereses dos rapaces e dos mozos

**X. Docampo** En primeiro lugar debemos ter en conta que ler non é unha actividade solitaria e que, polo tanto, necesita o apoio dunha persoa experta que acompañe o rapaz. A lectura tense comparado a unha viaxe, que se aproveita mellor se un vai acompañado por unha persoa que xa coñece o sitio polo que imos transitar. Por outra banda, para ler cómpre "lerse", porque, en realidade, lemos para coñecernos, para encontrarnos no texto, para saber máis de nós, para saber o que o texto di de mim.

**Y. Castaño** Penso que aos rapaces hai que ofrecerles textos que conecten co seu mundo e non reducir a súa experiencia coa literatura ao estudo dos clásicos que están nos programas.

**Suso de Toro** Eu salientaría a necesidade de buscar espazos e momentos para ler. É verdade que eses momentos son cada vez más escasos, porque vivimos moi rápido e instalados no ruído, e o libro pide serenidade para estar cun mesmo. Tamén recomendo que se lles lea aos nenos, porque o xogo das palabras para construír historias é bo para eles e tamén para os pais.

## Seis estudiantes galegos resultan galardoados nos Premios Nacionais de Bacharelato e de Formación Profesional



A entrega dos devanditos premios, correspondentes ao curso 2006/2007, tivo lugar en Madrid o día 1 de abril de 2009. Entre os galardoados, estaban tres estudiantes galegos de bacharelato e outros tres de formación profesional.

Os Premios Nacionais de Formación Profesional de Grao Superior concéndenselle aos alumnos ou alumnas con melhores méritos de cada unha das familias profesionais. Os galardoados galegos nesta epígrafe son Elsa María Cebreiro Quireza, estudiante de Informática e Comunicacións do IES San Clemente, de Santiago de Compostela; Javier Naveira Morales, alumno de Madeira, Móble e Cortiza, do Centro Integrado de Formación Profesional Valentín Paz Andrade, de Vigo; e Alejandro Fernández Vázquez, estudiante da familia de Transporte e Mantemento de vehículos no IES Marqués de Suanzes, de Ferrol. Cada alumno premiado recibiu 1.200 euros e un diploma acreditativo.

En canto aos Premios Nacionais de Bacharelato, fixérонse con este galardón Alba García Ulloa, do IES Miraflores, de Oleiros; Guillermo Lorenzo Gómez, do IES Eusebio da Guarda, da Coruña; e Álvaro Martínez Gómez, do IES de Valga. Tamén neste caso os galardoados recibiron 1.200 euros. O premio convocado nesta categoría ía destinado ao alumnado que cursou 2.º de bacharelato durante o curso académico 2006/2007.

## A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia recibe os certificados ISO 9001 e ISO 14001

Coa certificación ISO 9001, norma estrela de calidade no mundo, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) mellora os enfoques de xestión e as prácticas organizativas, o que repercuté positivamente na mellora dos procesos e no logro dunha maior implicación dos profesionais, que ven recoñecido un traballo ben feito, de forma sostible, e comprometido coa calidade.

Por outra banda, coa certificación ISO 14001, norma internacional de maior recoñecemento na xestión ambiental, a ACSUG minimiza os impactos ambientais e obtén beneficios económicos pola optimización do consumo de enerxía.

A ACSUG creábase en xaneiro de 2001 baixo a figura xurídica dun consorcio entre a Xunta de Galicia e as tres universidades galegas. Nació coa vontade de conseguir que o noso sistema universitario acadase un grande prestixio e recoñecemento dentro do contexto universitario nacional, europeo e internacional.

Así, a ACSUG traballa para que as universidades galegas se caractericen, por unha banda, polo desenvolvemento da súa autonomía e, por outra, polo integración de forma competitiva no contexto universitario nacional e internacional, isto é, autonomía para impulsar as súas características diferenciadoras e integración para promover innovación.



# Galicia en cifras

## Formación profesional e emprego

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén realizando sucesivas sondaxes que teñen como finalidade facer un seguimiento da inserción laboral dos titulados de formación profesional. Os resultados que se achegan a continuación recollen os datos máis salientables dos tres últimos estudos, que corresponden aos anos 2006, 2007 e 2008 e abranguen os titulados que remataron os ciclos nos cursos 2003/2004, 2004/2005 e 2005/2006. Aínda que a situación de crise e inestabilidade laboral obriga a tomarlos con reserva, cremos que poden servir de referencia para todas as persoas implicadas no ámbito da FP. Así pois, no momento de compilar os datos, a situación era a seguinte:

Situación laboral	2003/2004	2004/2005	2005/2006
Traballan	64,7 %	62,5 %	63,1 %
Buscan emprego	16,6 %	14,4 %	18,5 %
Estudan	16,9 %	21,4 %	15,4 %
Outras situacóns	1,8 %	1,6 %	3,0 %

Táboa 1

Resultados globais

## Resultados por xénero

Os datos confirman unha menor inserción laboral de mulleres que de homes. No último ano, a diferenza reduciuse, pasando de 10 a 8 puntos. Aínda así, os datos resultan reveladores, se temos en conta que a porcentaxe de mulleres que están a estudar supera en todas as investigacións á de homes. Por outra banda, o proceso de busca de emprego, dá en todas as mostras unha porcentaxe feminina superior ao 5 % con respecto aos homes.

	Curso 2003/2004		Curso 2004/2005		Curso 2005/2006	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Traballan	68,8 %	58,0 %	67,8 %	58,3 %	67,7 %	59,4 %
Buscan emprego	12,6 %	21,8 %	11,3 %	17,0 %	15,6 %	20,9 %
Estudan	16,7 %	18,2 %	19,4 %	23,1 %	14,3 %	16,3 %
Outra situación	1,9 %	2,0 %	1,6 %	1,6 %	2,4 %	3,4 %

Táboa 2

Comparanza da situación laboral por xénero

## Resultados por grao do ciclo formativo

A porcentaxe de persoas tituladas nos ciclos de grao medio que están traballando, supera as que se titularon nun ciclo superior. A diferenza estaba entre 5 e 7 puntos porcentuais nos estudos anteriores, mentres que no último acada o 8 %. A diferenza explícarse, en boa parte, pola maior tendencia do alumnado de ciclos superiores a continuar estudos. Na última sondaxe, o 19,4 % prosegue a súa formación, fronte a un 9,7 dos titulados de grao medio. Estas distancias tamén se verifican en anos anteriores. Aínda así, nos datos referidos a 2005/2006 detéctase un aumento da proporción de persoas tituladas en busca de emprego en detrimento das que deciden seguir formándose.

	Curso 2003/2004		Curso 2004/2005		Curso 2005/2006	
	Grao medio	Grao superior	Grao medio	Grao superior	Grao medio	Grao superior
Traballan	68,5 %	61,0 %	66,9 %	59,3 %	67,7 %	59,9 %
Buscan emprego	16,6 %	16,7 %	14,5 %	14,4 %	18,8 %	18,2 %
Estudan	12,1 %	21,0 %	16,5 %	25,1 %	9,7 %	19,4 %
Non traballan nin buscan emprego	2,8 %	1,3 %	2,1 %	1,2 %	3,8 %	2,4 %

Táboa 3

Grao formativo. Comparanza da situación laboral

## Resultados por familias profesionais

Os datos sinalan que as persoas empregadas representan unha menor proporción á hora de proseguir estudos. A excepción é Edificación e obra civil, que dá unha alta taxa de emprego e, ao mesmo tempo, unha boa parte dos seus titulados deciden ampliar a súa preparación.

	Maior taxa de emprego	Menor taxa de emprego
Curso 2003/2004	- Fabricación mecánica: 81,3 %	- Comunicación, imaxe e son: 50,9 %
	- Mantemento de vehículos auto-propulsados: 80 %	- Sanidade: 53,7 %
	- Mantemento e servizos á producción: 78,8 %	- Informática: 54,5 %
	- Madeira e moble: 78,1 %	- Actividades físicas e deportivas: 54,5 %
Curso 2004/2005	- Madeira e moble: 86,2 %	- Servizos socioculturais e á comunidade: 54,6 %
	- Fabricación mecánica: 83,8 %	- Actividades físicas e deportivas: 45,0 %
	- Mantemento e servizos á producción: 82,0 %	- Servizos socioculturais e á comunidade: 50,4 %
	- Mantemento de vehículos auto-propulsados: 75,5 %	- Téxtil, confección e pel; vidro e cerámica: 55,2 %
Curso 2005/2006	- Mantemento e servizos á producción: 80,4 %	- Sanidade: 55,6 %
	- Madeira e moble: 73,8 %	- Servizos socioculturais e á comunidade: 45,5 %
	- Mantemento de vehículos auto-propulsados: 71,7 %	- Actividades físicas e deportivas: 50,5 %
	- Actividades marítimo pesqueiras: 71,2 %	- Sanidade: 51,7 %
	- Fabricación mecánica: 70,8 %	- Comunicación, imaxe e son: 52,3 %


Táboa 4

Familias profesionais. Comparanza da taxa de emprego

As gráficas 1, 2 e 3 mostrán a situación laboral das familias profesionais en cada un dos estudos de inserción.


**Gráfica 1**

Inserción laboral por familias no curso 2003/2004




**Gráfica 2**

Inserción laboral por familias no curso 2004/2005



Gráfica 3

Inserción laboral por familias no curso 2005/2006



## Primeiro emprego

Nesta epígrafe analízase o tempo que tardan en atopar emprego as persoas tituladas, e comprende os tres últimos estudos realizados. Tense en conta o emprego non descontinuo nin ocasional, e con perspectiva de que sexa estable.

Tempo investido en atopar emprego	Curso 2003/2004	Curso 2004/2005	Curso 2005/2006
Conseguíuno mentres estudaba ou antes	14,7 %	7,0 %	13,1 %
En menos de 1 mes	40,1 %	34,8 %	36,3 %
Entre 1 e 6 meses	25,0 %	34,7 %	31,6 %
Entre 6 e 12 meses	10,1 %	10,1 %	10,1 %
Máis de 12 meses	10,1 %	13,4 %	8,9 %

Táboa 5

Resultados globais do tempo que tardaron os titulados en atopar emprego

Como pode comprobarse nos datos achegados na táboa, máis dun 80 % encontrou traballo antes dos seis meses.

## Resultados por xénero

Entre as persoas tituladas en FP, as de xénero feminino tardan máis tempo en achar emprego que as de xénero masculino.

	Curso 2003/2004		Curso 2004/2005		Curso 2005/2006	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Conseguiuno mentres estudaba	14,7 %	11,8 %	6,4 %	7,6 %	14,3 %	12,1 %
A menos dun mes de rematar o ciclo	43,2 %	33,0 %	39,7 %	30,4 %	41,7 %	31,4 %
Entre 1 e 6 meses	24,7 %	27,8 %	36,4 %	33,3 %	29,3 %	33,6 %
Entre 6 e 12	10,2 %	13,4 %	6,9 %	12,9 %	8,7 %	11,3 %
Máis de 12	7,2 %	14,0 %	10,6 %	15,8 %	6,0 %	11,6 %

## Resultados por familia profesional

Na maioría dos casos, as familias con maior taxa de emprego son as que requieren menos tempo á hora de buscar un traballo. Na táboa 10 preséntase unha confrontación, familias profesionais e taxa de emprego para un período inferior a seis meses.

	<b>Menos de 6 meses en atopar emprego</b>	<b>Maior taxa de emprego</b>
<b>Curso 2003/2004</b>	- Mantemento e servizos á producción: 89,5 %	- Fabricación mecánica: 81,3 %
	- Actividades físicas e deportivas: 89,5 %	- Mantemento de vehículos autopropulsados: 80 %
	- Artes gráficas: 89,1 %	- Mantemento e servizos á producción: 78,8 %
	- Mantemento de vehículos autopropulsados: 89,1 %	- Madeira e moble: 78,1 %
	- Fabricación mecánica: 87,4 %	
<b>Curso 2004/2005</b>	- Madeira e moble: 91,1 %	- Madeira e moble: 86,2 %
	- Fabricación mecánica: 90,3 %	- Fabricación mecánica: 83,8 %
	- Mantemento e servizos á producción: 89,5 %	- Mantemento e servizos á producción: 82,0 %
	- Edificación e obra civil: 88,1 %	- Mantemento de vehículos autopropulsados: 75,5 %
<b>Curso 2005/2006</b>	- Edificación e obra civil: 95,4 %	- Mantemento e servizos á producción: 80,4 %
	- Fabricación mecánica: 92,1 %	- Madeira e moble: 73,8 %
	- Mantemento e servizos á producción: 91,9 %	- Mantemento de vehículos autopropulsados: 71,7 %
	- Mantemento de vehículos autopropulsados: 90,1 %	- Actividades marítimo pesqueiras: 71,2 %
	- Imaxe persoal: 89,3 %	- Fabricación mecánica: 70,8 %

**Táboa 10** Familias profesionais. Comparanza tempo en atopar emprego con taxa de inserción

Por último, amósase a porcentaxe de alumnos que encuentran traballo nas diferentes familias profesionais, antes dos seis meses posteriores a ter rematados os seus estudos.

<b>Atoparon emprego en menos de seis meses</b>	<b>Curso 2003/2004</b>	<b>Curso 2004/2005</b>	<b>Curso 2005/2006</b>
Actividades agrarias	78,8 %	69,2 %	74,0 %
Actividades físicas e deportivas	89,5 %	80,7 %	87,6 %
Actividades marítimo pesqueiras	84,4 %	80,0 %	86,8 %
Administración	70,2 %	71,5 %	77,9 %
Artes gráficas	89,1 %	73,2 %	71,1 %
Comercio e mercadotecnia	79,4 %	80,6 %	76,0 %
Comunicación, imaxe e son	72,7 %	50,0 %	69,4 %
Edificación e obra civil	85,6 %	88,1 %	95,4 %
Electricidade e electrónica	81,2 %	84,8 %	87,5 %
Fabricación mecánica	87,4 %	90,3 %	92,1 %
Hostalaría e turismo	86,7 %	81,0 %	81,3 %
Imaxe persoal	87,0 %	83,5 %	89,3 %
Industrias alimentarias	80,0 %	70,0 %	75,0 %
Informática	72,7 %	69,7 %	75,8 %
Madeira e moble	85,3 %	91,1 %	88,5 %
Mantemento de vehículos autopropulsados	89,1 %	87,6 %	90,1 %
Mantemento e servizos á producción	89,5 %	89,5 %	91,9 %
Química	71,4 %	66,9 %	71,7 %
Sanidade	57,5 %	62,8 %	70,2 %
Servizos socioculturais á comunidade	62,2 %	71,6 %	78,3 %
Téxtil, confección e pel	84,6 %	60,0 %	75,0 %

**Táboa 11**

Comparanza entre familias profesionais e tempo investido en atopar emprego

